



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE OUTUBRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día trece de outubro de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Antonio Lomba Baz
- D. M. Javier Crespo González

Non asisten os concelleiros Sr. Español Otero e Sra. Vicente Baz.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 6 de outubro de 2014 relativo á alta do Servizo de Axuda no Fogar de T.R.M..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á alta no Servizo de Axuda no Fogar de T.R.M. ata o 31 de decembro de 2014.

Dase conta do informe da Técnico de Turismo do Concello da Guarda relativo á actividade organizada pola Concellalía de Turismo denominada "VISITA Ó CENTRO HISTÓRICO DE VIANA DO CASTELO" prevista para o día 25 de outubro de 2014 cunha cota de 11€/persoa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta actividade así como a cota de participación.

Dase conta do informe da Técnico de Información Xuvenil da Guarda relativo ó conxunto de actividades que por ese departamento se van a desenvolver e das cuotas que corresponden a cada cual:

a) Actividades deportivas

Aerobic: 18 €/mes

Zumba: 15 €/mes

Pilates: 28,50 €/mes

Escola Municipal de Baloncesto: 12 €/mes



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Estas actividades terán unha duración prevista de 8 meses, dende outubro a maio de 2015, excepto a actividade de Escola de Baloncesto que comenza en novembro de 2014.

b) Actividades socioeducativas

b.1.- MES DE OUTUBRO

- Francés: 20 horas. Cota de 20€.
- Cociña: 16 horas. Cota 41,25€.

b.2.- ANUAL

- Pintura. Cota 25€/mes (de outubro 2014 a maio 2015)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito programa de actividades así como as cuotas correspondentes a cada unha.

Lese o escrito RE 5.885 de data 8 de outubro de 2014, presentado por D. VICTOR MANUEL LOMBA GONZÁLEZ, en representación de CLUB SPORTING GUARDES, solicitando que se pinte un paso de peóns no Paseo de Portugal ó seu paso pola entrada do campo de fútbol así como a limpeza do terreo que hai entre o Punto Limpo e dito campo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, respecto do paso de peóns, se realizarán as xestións oportunas ante a Consellería de Política Territorial por ser unha vía da súa titularidade e, respecto da limpeza do terreo, se levará a cabo en canto sexa posible.

Lese o escrito Re 5.399 de data 16 de setembro de 2014, presentado por D. ANXO FERREIRA ALVAREZ, en representación de X K ARTE ASOCIACIÓN, con enderezo social na rúa Salgueiró, nº 5 de A Guarda, solicitando autorización para dispoñer da alameda da Guarda os días 13 e 14 de decembro de 2014 para realizar unha feira de artesanía.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 8 de outubro de 2014 comunicando a senteza ditada o 30 de setembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 293/13 entablado por DNA. MERCEDES MARQUEZ LOMBA contra o acordo plenario do Concello da Guarda adoptado en sesión celebrada o 9 de xullo de 2013 polo que se acordou finalizar o expediente de investigación de oficio dunha rampa existente no número 159 da rúa A Cal, declarando que non é posible determinar o seu carácter público.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado da mesma á Oficina técnica para a súa constancia no expediente así como dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE 2.561/2014.- D. ALBERTO FERNÁNDES ALVES, PARA CAMBIO DE ALICATADOS EN BAÑO E ASEO DO PISO 3º D, SITUADO NA RÚA DE AGUSTIN NANDIN LOMBA Nº. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 86/2014. Dª. CARMEN BAZ VICENTE, PARA REFORMA E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UBICADAS NA TERRAZA DO "RESTAURANTE XEITO" NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O CERRAMENTO ACTUAL POR PANEIS TIPO SANDWICH EN PAREDES, VENTÁS ACRIALADAS E A CUBERTA CON PANEIS SANDWICH SIMIL TELLA SOBRE ESTRUCTURA METÁLICA EXISTENTE, SITA NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR, S/N., UBICADA EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE.

EXPEDIENTE: 4.008/2014.- D. SERGIO VASCONCELLOS PEREIRA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 88,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E MADEIRA EXISTENTES POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX. E REMATE DE CUMBREIRAS E ALEIROS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CARREIRA Nº. 1, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.037/2014. Dª. LUCIA PEREIRA VICENTE, PARA REPARAR A FACHADA NUNHA SUPERFICIE DE 22,00 M²., CONSISTENTE EN PICADO DE AZULEXOS NA PARTE SUPERIOR E REVOCADO CON MORTERO DE CEMENTO PARA POSTERIOR PINTADO CON PINTURA IMPERMEABILIZANTE, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 20, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.086/2014.- Dª. CARMEN PORTELA ÁLVAREZ, REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 69,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA POR CHAPAS DE URALITA E TELLA NOVA SOBRE ESTRUCTURA DE MADEIRA EXISTENTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ Nº. 24, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.729/2014. D. MANUEL VELASCO BAZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA E BARROTES DE MADEIRA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SOBRE



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ESTRUCTURA EXISTENTE, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.915/2014. D. EUTIMIO DIAZ CARRERA, PARA RETIRADA DE CHIMENEA DE LADRILLO, E COLOCACIÓN DE TUBO DE ACEIRO INOXIDABLE AISLADO EN DIÁMETRO INTERIOR DE 150 MM.; E FORMACIÓN DUNHA NOVA CON LADRILLO A PANDERETE LUCIDO E PINTADO CON ACABADO IGUAL Ó ACTUAL DA EDIFICACIÓN, SITA NA RÚA DE 9º TRV. SOLANAS Nº. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 4.360/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 24-07-2014 (R.E. nº. 4.360), por **D. DANIEL CASTELO BAZ** con D.N.I. nº. 76.896.232-X e con domicilio na rúa de Ramón Sobrino nº. 6-2º de A Guarda-C.P. 36780, para "INSTALACIÓN DE ASCENSOR" en edificio de vivendas sito na rúa de Ramón Sobrino nº. 6, en Solo Urbano (Ordenanza nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito polo Arquitecto D. José Ignacio Peña Chocarro (Visado C.O.A.G.: 22-07-2014 e 28-07-2014).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico **favorable** de data 13-08-2014, referente a solicitude de excepcionalidade no cumprimento do Decreto 29/2010 de habitabilidade de vivendas de Galicia, nas obras de instalación de ascensor en edificio de vivendas.

SEGUNDO.- Visto o informe técnico **favorable** de data 13-08-2014, referente as obras de instalación de ascensor en edificio de vivendas.

TERCEIRO.- Visto o informe xurídico de data 18-08-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, formulando ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do arquitecto municipal de 13-08-2014, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda, a favor de D. Daniel Castelo Baz e outros. Dita autorización debe ser notificada o IGVS de Pontevedra ós efectos do previsto no artigo 17 do devandito Decreto.

2º. Concede-la licenza municipal de obras de instalación de ascensor en edificio sito na rúa de Ramón Sobrino nº. 6 a favor de D. Daniel Castelo Baz e outros, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2014 **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. DANIEL CASTELO BAZ e outros**:

1º.- Autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010.

- Conforme os artigos 8 e 11.2.c do Decreto 29/2010 de habitabilidade de vivendas de Galicia a instalación dun novo ascensor supón unha modificación substancial dos elementos comúns do edificio.
- O artigo 16 en relación co anexo II, apartado 3.a) da norma, permite os promotores de actuacións de rehabilitación en edificacións anteriores a norma vixente, que pretendan realizar obras necesarias para a mellora das condicións de accesibilidade nos edificios, solicitar a excepción do cumprimento do anexo I no referente as condicións esixibles as vivendas e zonas comúns.
- A memoria presentada recolle as seguintes determinacións da norma que se incumpren:
 - I.A.3.2.1. La dimensión del baño completo de uso común que queda en la vivienda es de superficie menor a 5 m². Tiene 4,73 m² de superficie.
 - I.A.3.2.2.1. La cociña no tiene iluminación al exterior ni a patio de dimensiones mínimas exigidas.
 - I.A.3.3.- Las puertas de paso no tienen un ancho igual a 0,80 m., tienen un ancho de 0,70 m.
 - I.B.2. Los patios interiores no cumplen las condiciones mínimas
Patio de escalera: dimensiones reales D=1,85 m.; H=10,80 m.
R=0,17 H
Dimensiones mínimas: D=2,0 m. R>1/8 H
Patio de cocina: dimensiones reales D=1,92 m.; H=10,80 m R=0,17 H
Dimensiones mínimas: D=4,0m R>1/8 H
Ambos patios carecen de entrada de aire fresco en su parte inferior.
 - I.B.3.1.1. el hueco de iluminación del portal no tiene 2,40 m. de ancho, tiene 1,85 m.
 - I.B.3.2.1. El ancho total del hueco de escalera no alcanza los 2,20 m. de anchura total, tiene 2,05 m.
 - I.B.3.3. No existe un espacio libre en cada planta de viviendas en el que se puedan inscribir un rectángulo de 2,20x1,50 m.
- As obras que se pretenden executar pretenden a mellora na accesibilidade do edificio ó incorporar un recorrido accesible para todas as vivendas.
- A meirande parte dos apartados que se incumpren corresponden a patios e elementos comúns das vivendas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- As obras de adaptación completa a normativa de habitabilidade requirirían importantes reformas estruturais que en ningún caso poderían ser autorizadas en un edificio fora de ordenación por completa incompatibilidade con planeamento, o que non pode impedir a mellora das condicións de accesibilidade nun edificio que pode manter o seu uso residencial
- Conforme establece o apartado 4.4 das normas urbanísticas do Plan Xeral os edificios en situación de fóra de aliñación, encóntranse en situación de fóra de ordenación xenérica e neles poderanse realizar en todo caso obras de "mellora e conservación garantíndose o seu uso actual..."
- Para os efectos do previsto no art. 103 da lei 9/2002, considérase a edificación como incompatible co planeamento. Conforme o apartado 2 do citado artigo:

"2. Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente."

- O artigo 9. do RDL 272008, establece que:

*"El derecho de propiedad de los terrenos, las instalaciones, construcciones y edificaciones, comprende, **cualquiera que sea la situación en que se encuentren**, los deberes de dedicarlos a usos que no sean incompatibles con la ordenación territorial y urbanística; conservarlos en las condiciones legales para servir de soporte a dicho uso y, en todo caso, en las de **seguridad, salubridad, accesibilidad y ornato** legalmente exigibles; así como realizar los trabajos de mejora y rehabilitación hasta donde alcance el deber legal de conservación...."*

2.- Licenza municipal de obras para "INSTALACIÓN DE ASCENSOR" en edificio de vivendas sito na rúa de Ramón Sobrino nº. 6, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

CUARTO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 4.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA-O CASTRO, A INSTANCIA DE D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO E D^a. MARÍNA GONZÁLEZ GONZÁLEZ -HRDOS. DE ANTONIO ESPAÑOL GIL E OROSIA OTERO ÁLVAREZ.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 5.470 de data 18 de setembro de 2014, a instancia de **D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO** e con domicilio na rúa de Castiñeira nº. 16 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez para **"SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS"**, sita na rúa de Castiñeira-O Castro.

INFORMES:

INFORME TÉCNICO 24-09-2014:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licenza para **"SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS"**, sita na rúa de Castiñeira-O Castro, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.1.- Proxecto técnico de segregación e agrupación de parcelas a nome de D. Miguel A. Español Otero, Marina González González e Hros. Antonio Español Gil e Orosia Otero Álvarez, redactado polo arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez.

1.2. Documentación de titularidade das parcelas:

- nº. 178 do polígono 10 cunha superficie de 465,00 m².
- nº. 176 do polígono 10 cunha superficie de 145,31 m².
- nº 409 do polígono 10 cunha superficie de 247,78 m².

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

2.2.- Segundo a documentación técnica presentada, trátase de tres parcelas clasificadas no planeamento vixente como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

2.3.- A parcela nº. 409 está cualificada integramente coa ordenanza nº. 9 e as parcelas cos nº. 178 e 176, están cualificadas en parte coa ordenanza nº. 9 e en parte coa ordenanza nº. 9-B, correspondente a área de tolerancia exterior do núcleo.

2.4.- Sobre a parcela nº. 409 existe una edificación destinada a vivenda.

2.5.- Ningunha das tres parcelas cumpre a condición de parcela mínima prevista no planeamento vixente.

2.6.- As parcelas iniciais son as seguintes:

	Superficie total	SOLO DE NÚCLEO RURAL
Parcela 409 polígono 10	247,78 m ² .	Ordenanza nº 9
Parcela 178 polígono 10	261,95 m ² .	Ordenanza nº 9
	221,52 m ² .	Ordenanza nº 9-B
total	483,47 m ² .	
Parcela 176 polígono 10	135,57 m ² .	Ordenanza nº 9
	9,74 m ² .	Ordenanza nº 9-B
	145,31 m ² .	

2.7.-Segundo establece a Disposición transitoria primeira da LOUGA (lei 9/2002), o solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, na delimitación dun núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión delimitada ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o réxime definido no apartado e) desta disposición transitoria.

2.8.- Conforme se establece na INSTRUCIÓN 1/2011 do 12 de abril de 2011, apartado 3.4, a área de tolerancia e a área de influencia entenderanse aquí como conceptos sinónimos.

2.9.- O proxecto presentado pretende a segregación da parcela nº. 178 do polígono 10 en dous lotes que se agrupan a continuación coas parcelas lindantes 176 e 409 do mesmo polígono.

2.10.- Conforme establece o art. 205, apartado b) da lei 9/2002 pódese autorizar a segregación da parcela 178 coa condición de que os lotes resultantes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros, co fin de agrupalos e formar un novo predio.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.11.- As parcelas resultado da segregación da parcela 178 serán as seguintes:

	Superficie	SOLO DE NÚCLEO RURAL
Parcela 178.a (Agrúpase coa parcela 176)	387,49 m ² .	Ordenanza nº. 9 e 9-B
Parcela 178.b (Agrúpase coa parcela 409)	95,98 m ² .	Ordenanza nº. 9

2.12.- As parcelas segregadas agrúpanse coas parcelas lindantes configurando as seguintes **parcelas de resultado**.

	Superficie total	clase de solo/ordenanza
Parcela A (178.a+176)	532,80 m ² . 301,54 m ² . 231,26 m ² .	Ordenanza nº. 9 Ordenanza nº 9-B
Parcela B (178.b+409)	343,76 m ² .	Ordenanza nº. 9

2.13.- A segregación e agrupación proposta cumpre coas indicación sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e cos artigos 204 e 205 da lei 9/2002.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable á segregación da parcela 178 do polígono 10, condicionando a autorización a que cada un dos lotes resultantes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios dos terreos lindeiros, parcelas 176 e 409 do mesmo polígono, co fin de agrupalos formando dous novos predios.**

3.2.- A autorización de segregación e agrupación non implica en ningún caso autorización de edificación.

3.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 24-09-2014:

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia e propondo o órgano competente a seguinte proposta:

1º.- Concede-la licenica municipal de parcelación a favor de D. Miguel Español Otero, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, e sempre e cando tal licencia se condicione a súa eficacia o cumprimento dos seguintes condicionantes:

Proceder simultaneamente á segregación, á agrupación das dúas parcelas resultantes obxecto do expediente ás dúas colindantes, mediante o outorgamento das correspondentes escrituras de agrupación nas que se reflexe a cabida das



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado para obter licenza, esto é a documentación presentada no Concello de A Guarda o 18-09-2014.

Tales condicións deben recollerse expresamente no texto da licenza, advertindo o titular da mesma que a licenza non terá eficacia algunha sen o cumprimento das mesmas.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 07.10.2014.

Conta con informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 5.877 de data 08 de outubro de 2014, presentado por D^a. FRANCISCA LIMA ALVAREZ, con enderezo na rúa Aloqueiro, nº 22 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución da reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Aloqueiro, nº 22, visado o 16.09.2014 que conta con licenza municipal de obras nº 18/2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 9 de outubro de 2014, acorda acceder ó solicitado.

Sendo as dez horas e dez minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.